

PORTADA (/) > GALICIA (/GALICIA/) > CARBALLO (/CARBALLO/)

A Costa da Morte enarbora a bandeira da lembranza da poetisa Rosalía de Castro

• *Carballo e Muxía inician hoxe coa proxección dun documental e unha escenificación teatral a celebración do seu nacemento*

Á. P., 25 de febreiro de 2015. Actualizado a las 05:00 h.

★★★★★ 0 votos



FOTO: ANA GARCIA.



16



1



0

Os lazos vitais e literarios de Rosalía de Castro coa Costa da Morte discorren entre Muxía e Bergantiños. E tal vez por iso a celebración do aniversario do seu nacemento -do que se cumpriron onte 178 anos- e que cada 24 de febreiro é conmemorado por iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega como o Día de Rosalía cobra especial relevancia nesta comarca a través de diversas iniciativas. Dúas delas terán por escenario Muxía e Carballo e darán comezo esta tarde.

Carballo

No caso da capital bergantiñá o público poderá asistir esta tarde á proxección de *I* ante aquel silencio mundo. *Rosalía e Cantares*, unha curtametraxe documental producida pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e dirixida pola xornalista de V Televisión Marina Chievegatto e por Millán Castro.

Neste traballo, que será presentado na biblioteca Rego da Balsa ás 19 horas, os seus autores mostran coa colaboración de varios autores e especialistas na obra da poetisa -como Paco Rodríguez, Pilar García

Negro ou Lucía Aldao- unha visión de Rosalía alonxada da visión romántica convencional na que se ergue como unha autora rebelde e comprometida con Galicia.

Na presentación desta tarde participará o presidente da AS-PG, Xoán Costa, e a entrada será de balde.

A conmemoración en Carballo proseguirá o venres co concerto que Fran Pérez Narf ofrecerá no Pazo da Cultura (21.00 horas) baixo o título de Cancións da lingua viaxeira e no que os versos de Rosalía cobrarán vida a través das súas cancións. Neste caso si que haberá que pagar 3 euros.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Muxía

Na vila da Barca a lembranza de poeta comezará esta tarde coa posta en escena de No bico un cantar, o espectáculo teatral preparado por Tamara Lema e os alumnos da Aula de Declamación da Fundación Eduardo Pondal inspirado no que escenifican algunhas das estrofas de Cantares Gallegos.

O acto terá lugar na biblioteca muxiá, onde mañá proseguirá a conmemoración cun obradoiro creativo para nenos que desenvolverá Viki Rivadulla (de 18 a 20 horas). A participación é gratuíta, pero é preciso inscribirse previamente porque as prazas son limitadas (981 742 563).